

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 13 DE XUÑO DE 2022

1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2022/00030768W.

Aprobación de actas de sesións anteriores. |

Apróbanse as actas correspondentes ás seguintes sesións:

- Extraordinaria – urxente de data 31 de maio de 2022.
- Extraordinaria – urxente de data 2 de xuño de 2022.
- Extraordinaria – urxente de data 3 de xuño de 2022.
- Ordinaria de data 6 de xuño de 2022.

2. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2021/00027758D.

Licenza de rehabilitación de inmovible para uso de vivenda familiar na Rúa Espírito Santo,65. |

Concédesse licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente, cun orzamento de execución material de 63.500,00 euros e conforme o proxecto básico e de execución elaborado polo arquitecto Ángel Alonso Méndez de data de visado do 17/06/2021, a rehabilitación do inmovible para uso de vivenda familiar situado na Rúa do Espírito Santo 65 Santiago de Compostela (A Coruña).

3. LICENZAS DE OBRA. Referencia: LIC/9/2009.

Licenza para o modificado do proxecto básico e de execución para a construción de vivenda unifamiliar illada na Rúa Coto da Nai. |

Concédesse licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o Modificado do proxecto básico e de execución redactado polo arquitecto Eugenio Torreira Pais de data de visado do 13/12/2021, construción de vivenda unifamiliar aislada na Rúa Coto da Nai Santiago de Compostela (A Coruña),cun orzamento de execución material de 156.148,07 €

4. XESTIÓN URBANÍSTICA. Referencia: 2022/00030809C.

Autorización do exercicio da vía de constrinximento para a recadación das cotas de urbanización endebedadas por URBAN PORTFOLIO INMOBILIARIO S.L. á Xunta de Compensación do polígono 2 do SUP-3 (Ponte Pedriña). |

Autorízase o exercicio da vía de constrinximento, cos efectos regulados no artigo 167 da Lei xeral tributaria, para a recadación das cotas de urbanización endebedadas por URBAN PORTFOLIO INMOBILIARIO S.L. á Xunta de Compensación do polígono 2 do SUP-3.

5. XESTIÓN URBANÍSTICA. Referencia: 2022/00021394N.

RECEPCIÓN DA FASE FINAL DA URBANIZACIÓN DO POLÍGONO 2 DO SUP.3 (Ponte Pedriña) |

Autorízase a recepción da fase final das obras de urbanización do polígono 2 do SUP-3, executadas pola Xunta de Compensación do polígono.

6. OBRAS E PROXECTOS. Referencia: 2021/42526B.

Aprobación do proxecto de reforzo de estruturas na Rúa Concheiros, 10, 12, 16 e 18, de Santiago de Compostela. |

Apróbase o proxecto de reforzo de estruturas na rúa Concheiros 10, 12, 16 e 18 de Santiago de Compostela coas seguintes condicións:

- Orzamento:

O.E.M. (Orzamento de Execución Material) 70.713,84 €

O.B.L. (Orzamento Base de Licitación, sen I.V.E.) 84.149,97 € (O.E.M. + 13% G.G. + 6% B.I.)

O.B.L. + I.V.E. 101.820,86 € (O.E.C. + 21% I.V.E.)

- Prazo de execución: O prazo de execución previsto é de seis semanas.

- De acordo co establecido na Lei 9/2017 da “Lei de Contratos do Sector Público” e no RD 1098/2001 “Regulamento da Lei de Contratos das Administracións Públicas”, non é preceptiva a esixencia de clasificación por tratarse dun importe inferior a 500.000 €, podendo acreditar a solvencia técnica mediante o cumprimento dos requisitos que se establezan no procedemento de licitación.

7. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00033210X.

Adxudicación da “Execución das obras de mellora no servizo da instalación de climatización e renovación de aire do Centro Sociocultural de Santa Marta a efectos de eficiencia enerxética e confort interior” á empresa a CLIMAWORK S.L. |

Adxudícase a “Execución das obras de mellora no servizo da instalación de climatización e renovación de aire do Centro Sociocultural de Santa Marta a efectos de eficiencia enerxética e confort interior” á empresa a CLIMAWORK S.L., por importe de 85.500,00 euros máis 21% IVE: 17.955,00 euros, sendo a súa proposta a máis vantaxosa das presentadas

Desígnase como responsable do contrato ao Director Facultativo da obra conforme o establecido no artigo 62.2 da LCSP. O seguimento deste contrato corresponde ao servizo de Proxectos e Obras, que asigna este cometido á arquitecta municipal María Asunción Castañón Blas

Comprométese o gasto conforme a seguinte anualidade e importe:

Anualidade 2022: 103.455,00 euros

8. CONTRATACIÓN. Referencia: 2022/00000225L.

Aprobación do expediente denominado “Subministración de dúas motocicletas para a Policía Local do Concello de Santiago de Compostela”. |

Apróbase o expediente denominado “Subministración de dúas motocicletas para a Policía Local do Concello de Santiago de Compostela” e a apertura do procedemento de adxudicación mediante procedemento aberto simplificado e tramitación ordinaria, establecéndose un tipo de licitación de con IVE:

TOTAL S/IVE 22.314,05 euros

IVE 21% 4.685,95 euros

TOTAL C/IVE 27.000,00 euros

9. CONTRATACIÓN. Referencia: 2022/00020751J.

Aprobación do expediente denominado “Obras de pavimentación de viarios de acceso en Carlexo e A Gruñán (Vilvestro) e Outenín (Laraño). Plan provincial de cooperación as obras e servizos de competencia municipal POS+ Adicional 2/2021 1ª fase Deputación Provincial da Coruña” |

Apróbase o expediente denominado “Obras de pavimentación de viarios de acceso en Carlexo e A Gruñán (Vilvestro) e Outenín (Laraño). Plan provincial de cooperación as obras e servizos de competencia municipal POS+ Adicional 2/2021 1ª fase Deputación Provincial da Coruña” e a apertura do procedemento de adxudicación mediante procedemento aberto, establecéndose un tipo de licitación de 67.595,99 euros, IVE aparte.

O IVE correspondente (21% da cantidade anterior) ascende a 14.195,16 euros.

A actuación prevista no proxecto constructivo foi incluída polo Concello de Santiago de Compostela, segundo acordo da Xunta de Goberno Local do 30/04/2021 no Plan provincial de cooperación as obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de concellos) POS+2021 da Deputación Provincial da Coruña.

10. CONTRATACIÓN. Referencia: 2022/00019975L.

Aprobación do expediente denominado “Obras de pavimentación viarios interiores en Carlexo e A Braña de Silvouta (Vilvestro) e San Xordo e A Sionlla (Sabugueira). Plan provincial de cooperación as obras e servizos de competencia municipal POS+ Adicional 2/2021 1ª fase Deputación Provincial da Coruña”.

Apróbase o expediente denominado “Obras de pavimentación viarios interiores en Carlexo e A Braña de Silvouta (Vilvestro) e San Xordo e A Sionlla (Sabugueira). Plan provincial de cooperación as obras e servizos de competencia municipal POS+ Adicional 2/2021 1ª fase Deputación Provincial da Coruña” e a apertura do procedemento de adxudicación mediante procedemento aberto, establecéndose un tipo de licitación de 86.036,35 euros, IVE aparte. O IVE correspondente (21% da cantidade anterior) ascende a 18.067,63 euros.

A actuación prevista no proxecto constructivo foi incluída polo Concello de Santiago de Compostela, segundo acordo da Xunta de Goberno Local do 30/04/2021 no Plan provincial de cooperación as obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de concellos) POS+2021 da Deputación Provincial da Coruña.

11. CONTRATACIÓN. Referencia: 2022/00019584L.

Aprobación do expediente denominado “Obras de pavimentación de viarios secundarios en Verdía, Marantes, A Gracia, Marrozos, Sabugueira, Vilvestro, A Curuxeira e Aríns. Plan provincial de cooperación as obras e servizos de competencia municipal POS+ Adicional 2/2021 2ª fase, Deputación Provincial da Coruña”.

Apróbase o expediente denominado “Obras de pavimentación de viarios secundarios en Verdía, Marantes, A Gracia, Marrozos, Sabugueira, Vilvestro, A Curuxeira e Aríns. Plan provincial de cooperación as obras e servizos de competencia municipal POS+ Adicional 2/2021 2ª fase, Deputación Provincial da Coruña” e a apertura do procedemento de adxudicación mediante procedemento aberto, establecéndose un tipo de licitación de 97.514,44 euros, IVE aparte. O IVE correspondente (21% da cantidade anterior) ascende a 20.478,03 euros.

A actuación prevista no proxecto constructivo foi incluída polo Concello de Santiago de Compostela, segundo acordo da Xunta de Goberno Local do 30/04/2021 no Plan provincial de cooperación as obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de concellos) POS+2021 da Deputación Provincial da Coruña.

12. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00038173M.

Reaxuste das anualidades do contrato de Subministración de consumibles e de impresión para o Concello de Santiago de Compostela CON/44/2019 adxudicado a FRANCISCO ARENAS RAMIREZ (CIF: 05137235R).

Procédese ao reaxuste das anualidades do contrato de Subministración de consumibles e de impresión para o Concello de Santiago de Compostela CON/44/2019 adxudicado a FRANCISCO ARENAS RAMIREZ adaptándoas á realidade da subministración do seguinte xeito:

2021 11/05/2021 ata 31/12/2021 5.723,52 €
2022 01/01/2022 ata 31/12/2022 13.398,28 €
2023 01/01/2023 ata 10/05/2023 7.674,76 €

13. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00024495N.

Autorizar o inicio de trámites para a recepción parcial das obras executadas de “Mellora dos accesos peonís cara os centros educativos de Lamas de Abade (FASE I)” e acordar a suspensión temporal do resto das obras de “Mellora dos accesos peonís cara aso centros educativos de Lamas de Abade (FASE I)” ata que remate a actividade escolar.

Primeiro: Autorízase o inicio de trámites para a recepción parcial das obras executadas de “Mellora dos accesos peonís cara aso centros educativos de Lamas de Abade (FASE I)” na rúa Chaparra para o que se nomea representante da administración a técnica municipal supervisora

destas obras e se ordena que se comunique á Intervención Municipal o lugar, día e hora do acto de recepción.

Segundo: Acórdase a suspensión temporal do resto das obras de “Mellora dos accesos peonís cara aso centros educativos de Lamas de Abade (FASE I)” ata que remate a actividade escolar. O contratista non terá dereito a ningunha indemnización de danos e prexuízos durante a suspensión das obras.

O contrato reiniciarase unha vez finalizada a actividade académica e á proposta da dirección facultativa e responsable do contrato así coma da arquitecta supervisora municipal.

Do reinicio das obras levantarase a acta correspondente e darase conta á Xunta de Goberno local.

14. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00051382N.

[Prórroga do contrato de aluguer do local nº 5 na rúa Presidente Salvador Allende destinado a oficinas municipais Servizos Básicos Comunitarios.] Primeiro.- Prorrógase o contrato de aluguer do local nº 5 na rúa Presidente Salvador Allende destinado a oficinas municipais Servizos Básicos Comunitarios polo prazo de un ano a contar desde o 15 de xuño de 2022 ata o 14 de xuño de 2023.

Respecto á revisión de prezos, no contrato asinado con data 15 de xuño de 2006, na súa cláusula segunda establece que o importe será revisado anualmente, conforme ás variacións que experimente o índice xeral de prezos o consumo, polo que se propón a revisión do IPC dende a última data na que se realizou esta (maio de 2021 ata maio de 2022). A renda definitiva a partir de 15 de xuño de 2022 fixarase unha vez publicado o IPC do mes de maio de 2022.

Para o mes de xuño de 2022 satisfarase a renda actual por importe mensual de: 869,85 € mais IVE (1.052,52 €).

Segundo.- Apróbase e comprométese un gasto por importe de 12.630,24, quedando condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente en dito exercicio.

Anualidade 2022 (15/06/2022 ata 31/12/2022): 6.876,46 €.

Anualidade 2023 (01/01/2023 ata 14/06/2023): 5.753,78 €.

Publicado o IPC de maio de 2022 efectuarase de oficio a revisión correspondente con efectos dende o 15 de xuño de 2022, dando conta a Xunta de Goberno e a Intervención Municipal.

15. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00051731Q.

[Prórroga e revisión IPC local nº 4 na rúa Presidente Salvador Allende destinado a oficinas municipais Servizos Básicos Comunitarios.]

Primeiro.- Prorrógase o contrato de aluguer do local nº 4 na rúa Presidente Salvador Allende destinado a oficinas municipais Servizos Básicos Comunitarios polo prazo dun ano a contar desde o 15 de xuño de 2022 ata o 14 de xuño de 2023.

Respecto á revisión de prezos, no contrato asinado con data 15 de xuño de 2006, na súa cláusula segunda establece que o importe será revisado anualmente, conforme ás variacións que experimente o índice xeral de prezos o consumo, polo que proponse a revisión do IPC dende a última data na que se realizou esta (maio de 2021 ata maio de 2022), a renda definitiva a partir de 15 de xuño de 2022 fixarase unha vez publicado o IPC do mes de maio de 2022.

Para o mes de xuño de 2022 satisfarase a renda actual por importe mensual de: 774,93 € mais IVE (937,67 €).

Segundo.- Apróbase e comprométese un gasto por importe de 11.252,04 €, quedando condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente en dito exercicio.

Anualidade 2022 (15/06/2022 ata 31/12/2022): 6.126,11 €.

Anualidade 2023 (01/01/2023 ata 14/06/2023): 5.125,93 €.

Publicado o IPC de maio de 2022 efectuarase de oficio a revisión correspondente con efectos dende o 15 de xuño de 2022, dando conta a Xunta de Goberno e a Intervención Municipal.

16. CONTRATACIÓN. Referencia: 2022/00001597C.

Dar conta á Xunta de Goberno da revisión IPC da renda do contrato de aluguer do local nº 3 sito na rúa Galeras, 28- baixo destinado a oficinas municipais de Catastro e Censos.]

Primeiro.- dáse conta á Xunta de Goberno da revisión do IPC da renda do contrato de aluguer do local nº 3 sito na rúa Galeras, 28- baixo destinado a oficinas municipais de Catastro e Censos, segundo as variacións experimentadas polo IPC no período comprendido entre abril de 2021 e abril de 2022, que supón un incremento relativo do 8,3 %, quedando fixado o prezo do contrato, a partir do 1 de maio de 2022 no importe mensual de 840,36 € mais IVE (1.016,84 €), e importe anual de 12.202,08 € IVE incluído.

Segundo.- Apróbase e comprométese o gasto correspondente a incremento do IPC de 935,16 € Anualidade 2022 (01/05/2022 ata 31/12/2022): 623,44 €,

Anualidade 2023 (01/01/2023 ata 30/04/2023): 311,72 €,

Terceiro.- Dáse conta deste acordo a Intervención Municipal e a Tesourería Central.

17. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00033263V.

[Autorizar o inicio de trámites para proceder a recepción das obras de “Execución do proxecto de adecuación, selado e clausura do vertedoiro de Aríns”.]

Autorízase o inicio de trámites para proceder a recepción das obras de “Execución do proxecto de adecuación, selado e clausura do vertedoiro de Aríns”, nomeando representante da administración ao técnico municipal e responsable das obras de referencia, que unha vez autorizada dita recepción, deberá comunicar a Intervención Municipal, lugar e hora para concorrer ao acto.

A fin de acreditar o control e supervisión das obras e a idoneidade das mesmas para poder proceder á súa recepción, a empresa contratista das obras e a Dirección Facultativa deberán achegar á finalización efectiva da obra, e en todo caso, previamente ao acto de recepción, a documentación que figura no informe do arquitecto supervisor municipal de 8 de xuño de 2022, procedendo a continuación levar a cabo o acto formal de recepción, logo do estado das obras.

18. CONTRATACIÓN. Referencia: Validación omisión función interventora S/2022/49.

[Validación omisión función interventora e recoñecemento de débeda das facturas emitidas por varias empresas en concepto de subministración de gas natural e de gasóleo para as distintas dependencias municipais correspondentes a varios períodos entre o mes de decembro do ano 2021 e febreiro do ano 2022.]

Primeiro.- Valídase a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Acórdase autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de DOUS MIL TRESCENTOS SETENTA E SETE EUROS CON CORENTA E SEIS CÉNTIMOS (2.377,46 €), segundo relación contable de facturas S/2022/49, e que comeza pola número F/2022/581 por importe de 932,58 euros emitida por LOS ANGELES GAS, S.L. (CIF NÚM. B15578289) e remata pola número F/2022/1042 por un importe de 576,66 euros emitida por NATURGY IBERIA S.A. (CIF núm. A08431090).

Terceiro.- acórdase dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo

19. CONTRATACIÓN. Referencia: Validación omisión función interventora S/2022/50.

[Validación omisión función interventora e recoñecemento de débeda das facturas emitidas por varias empresas en concepto de mantemento dos sistemas de seguridade, extintores e alarmas das distintas dependencias municipais correspondentes ao período de xaneiro, febreiro e marzo do ano 2022.]

Primeiro.- Valídase a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Acórdase autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de DOUSCENTOS OITENTA E OITO EUROS (288,00 €) segundo relación contable de facturas S/2022/50 que se achega no expediente, e que comeza pola factura numero F/2022/906 por importe de 54,91 euros, emitida pola empresa SISTEMAS DE SEGURIDADE A-

1, S.L., (CIF núm. B15259765) e remata pola factura número F/2022/966 por importe de 53,86 euros, expedida pola empresa SISTEMAS DE SEGURIDADE A-1, S.L.

Terceiro.- acórdase dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

20. CONTRATACIÓN. Referencia: Validación omisión función interventora S/2022/73.

Validación omisión función interventora e recoñecemento de débeda das facturas emitidas por varias empresas en concepto de aluguer, mantemento e consumo de copias en varios departamentos municipais correspondentes a varios períodos entre o mes de decembro do ano 2021 e marzo do 2022

Primeiro.- Valídase a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- acórdase autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de DOUS MIL OITOCENTOS TRES EUROS CON TRES CÉNTIMOS (2.803,03 €), segundo relación contable S/2022/73 que se achega no expediente, e que comeza pola número F/2022/527 por importe de 14,93 euros emitida por SOLITIUM NOROESTE, S.L., con CIF núm. B15361348, e remata pola número F/2022/1314 por importe de 26,81 euros emitida por RICOH ESPAÑA SLU, con CIF núm. B82080177.

Terceiro.- acórdas dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

21. CONTRATACIÓN. Referencia: Validación omisión función interventora S/2022/74.

Validación omisión función interventora e recoñecemento de débeda das facturas emitidas por varias empresas en concepto de subministración de gas natural e de gasóleo para as distintas dependencias municipais correspondentes a varios períodos entre o mes de novembro do ano 2021 e marzo do ano 2022.

Primeiro.- Valídase a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- acórdase autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de SETE MIL DOUSCENTOS SETENTA E DOUS EUROS CON TRINTA E TRES CÉNTIMOS (7.272,33 €), segundo relación contable de facturas S/2022/74 que se achega no expediente, e que comeza pola número F/2022/718 por importe de 1.437,03 euros emitida por GAS NATURAL COMERCIALIZADORA, S.A. (CIF NÚM. A61797536) e remata pola número F/2022/1222 por un importe de 22,75 euros emitida por GAS NATURAL COMERCIALIZADORA, S.A. (CIF NÚM. A61797536).

Terceiro.- acórdase dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

22. CONTRATACIÓN. Referencia: Validación omisión función interventora F/12922022/.

Validación omisión función interventora e recoñecemento de débeda das facturas emitidas por varias empresas en concepto de mantemento dos sistemas de seguridade, extintores e alarmas das distintas dependencias municipais correspondentes ao mes de marzo de 2022.

Primeiro.- Valídase a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- acórdase autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de TRES MIL SEISCENTOS VINTE E UN EUROS CON NOVENTA CÉNTIMOS (3.621,90 €) segundo relación contable de facturas S/2022/75 que se achega no expediente, e que comeza pola factura numero F/2022/970 por importe de 3.547,97 euros, emitida pola empresa SERBAFER SERVICIOS INTEGRALES, S.L., (CIF núm. B70515879) e remata pola factura número F/2022/1190 por importe de 50,92 euros, expedida pola empresa SISTEMAS DE SEGURIDAD A-1, S.L., (CIF núm. B15259765).

Terceiro.- acórdase dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

23. DEPORTES. Referencia: 3505 - fact. febreiro.

Validación omisión función interventora e recoñecemento de débeda da factura emitida pola mercantil Prezero España S.A.U. (anteriormente Cespa Compañía Española de Servicios Públicos Auxiliares, S.A.) con CIF núm. A82741067 en concepto de servizo de mantemento e conservación dos campos de fútbol municipais e zonas verdes anexas ás instalacións deportivas adscritas á xestión do departamento municipal de deportes, correspondente ao mes de febreiro de 2022.

Primeiro.- acórdase validar a omisión da función interventora en relación con este expediente. Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de TRECE MIL DOUSCENTOS SESENTA E CATRO EUROS CON DEZASETE CÉNTIMOS (13.264,17 €), segundo a factura F/2022/957 que se achega no expediente, e correspondente ao mes de xaneiro de 2022, emitida pola empresa PREZERO ESPAÑA S.A.U., con CIF núm. A82741067.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

24. SERVICIOS SOCIAIS. Referencia: 2022/00020562P.

Aprobar o texto do convenio de colaboración para o ano 2022 entre o Concello de Santiago de Compostela e a entidade: Asociación Itínera de Voluntarios en Saúde Mental.

Apróbase o texto do convenio de colaboración para o ano 2022 entre o Concello de Santiago de Compostela e a entidade: Asociación Itínera de Voluntarios en Saúde Mental, con CIF: G15983570 pola contía de 5.000,00 € e a retención de crédito polo importe anterior, con cargo á aplicación orzamentaria 020-23100-4800002, reflectida no apartado de subvencións nominativas das bases de execución do orzamento xeral para o ano 2022 (artigo 33 e Anexo ao estado de Gastos dos Capítulos IV e VII).

25. IGUALDADE-MULLER. Referencia: 2022/00020907P.

Aprobar o texto do convenio de colaboración para o ano 2022 entre o Concello de Santiago de Compostela e a entidade: Cáritas Diocesana de Santiago de Compostela.

Apróbase o texto do convenio de colaboración para o ano 2022 entre o Concello de Santiago de Compostela e a entidade: Cáritas Diocesana de Santiago de Compostela (Programa Vagalume) pola contía de 30.000,00 € e a retención de crédito polo importe anterior, con cargo á aplicación orzamentaria 050-23102-4800001, reflectida no apartado de subvencións nominativas das bases de execución do orzamento xeral para o ano 2022 (artigo 33 e Anexo ao estado de Gastos dos Capítulos IV e VII).

26. IGUALDADE-MULLER. Referencia: 2022/00019745L.

Aprobar o texto do convenio de colaboración para o ano 2022 entre o Concello de Santiago de Compostela e a entidade: **FUNDACIÓN UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA. M.P.**

Apróbase o texto do convenio de colaboración para o ano 2022 entre o Concello de Santiago de Compostela e a entidade: FUNDACIÓN UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA. M.P con CIF: G-70123971 pola contía de 9.000,00 € e a retención de crédito polo importe anterior, con cargo á aplicación orzamentaria 050-23102-4890001, reflectida no apartado de subvencións nominativas das bases de execución do orzamento xeral para o ano 2022 (artigo 33 e Anexo ao estado de Gastos dos Capítulos IV e VII).

27. SERVICIOS SOCIAIS. Referencia: 2022/00018477Q.

Aprobar o texto do convenio de colaboración para o ano 2022 entre o Concello de Santiago de Compostela e a entidade: **ASOCIACIÓN DE LUCHA CONTRA LAS ENFERMEDADES DEL RIÑÓN DE LA CORUÑA (ALCER).**

Apróbase o texto do convenio de colaboración para o ano 2022 entre o Concello de Santiago de Compostela e a entidade: ASOCIACIÓN DE LUCHA CONTRA LAS ENFERMEDADES DEL RIÑÓN DE LA CORUÑA (ALCER) con CIF: G15058647 pola contía de 4.000 €, e a retención de

crédito polo importe anterior, con cargo á aplicación orzamentaria 020-23100-4800006, reflectida no apartado de subvencións nominativas das bases de execución do orzamento xeral para o ano 2022 (artigo 33 e Anexo ao estado de Gastos dos Capítulos IV e VII).

28. SERVIZOS SOCIAIS. Referencia: 2022/00019023X.

Aprobar o texto do convenio de colaboración para o ano 2022 entre o Concello de Santiago de Compostela e a entidade: Asociación Compostelana de Esclerosis Múltiple (ACEM).

Apróbase o texto do convenio de colaboración para o ano 2022 entre o Concello de Santiago de Compostela e a entidade: Asociación Compostelana de Esclerosis Múltiple (ACEM) pola contía de 9.000 €, e a retención de crédito polo importe anterior, con cargo á aplicación orzamentaria 020-23100-4800004, reflectida no apartado de subvencións nominativas das bases de execución do orzamento xeral para o ano 2022 (artigo 33 e Anexo ao estado de Gastos dos Capítulos IV e VII).

29. SERVIZOS SOCIAIS. Referencia: 2022/00017574X.

Aprobar o texto do convenio de colaboración para o ano 2022 entre o Concello de Santiago de Compostela e a entidade: **FUNDACIÓN MONTE DO GOZO.**

Apróbase o texto do convenio de colaboración para o ano 2022 entre o Concello de Santiago de Compostela e a entidade: FUNDACIÓN MONTE DO GOZO pola contía de 45.000,00 € e a retención de crédito polo importe anterior, con cargo á aplicación orzamentaria 020-23100-4800020, reflectida no apartado de subvencións nominativas das bases de execución do orzamento xeral para o ano 2022 (artigo 33 e Anexo ao estado de Gastos dos Capítulos IV e VII).

30. LINGUA GALEGA. Referencia: 2022/00017511Q.

Aprobación do convenio que rexerá a subvención nominativa á Asociación Cultural Correlingua para a actividade Correlingua en Compostela 2022 e do gasto correspondente.

Primeiro. Apróbase un gasto por importe de 2.500 euros con cargo á aplicación 080 33402 4890001 do orzamento municipal destinado á subvención nominativa da actividade Correlingua en Compostela 2022 da Asociación Cultural Correlingua (G70325683).

Segundo. Apróbase o texto do convenio que rexerá as condicións da subvención nominativa á Asociación Cultural Correlingua (G70325683) para o programa “Correlingua en Compostela 2022”.

31. CIRCULACIÓN E SEGURIDADE CIDADÁ. Referencia: Aprobación de modificacións puntuais na xestión da ORA e aparcamento de residentes.

Aprobación de modificación puntuais na xestión da ORA e o aparcamento de residentes.

Acórdase actualizar o sistema de regulación de estacionamento en superficie ORA da seguinte forma:

- elimínse a rotación obrigatoria nos sectores 2 (rúas Ramón Piñeiro, Domingo Fontán, Benardo Barreiro e Eduardo Pondal) e 3 (Hospitaliño, Xasmíns, Loureiros, praza das Penas, San Roque e Santa Clara).
- engádese un sector 4, tamén sen rotación obrigatoria, composto pola avenida de Ferrol e rúa Doutor Maceira.
- cámbiase o horario das zonas “verde-branca” e “verde-azuis” a fin de facilitar os fluxos laborais. Pasa de 8 a 20.30 h a 7 a 21.00 h.

32. CIRCULACIÓN E SEGURIDADE CIDADÁ. Referencia: 2022/00030764K.

Aprobación da solicitude dunha subvención da Dirección General de Transporte Terrestre, para a prestación de servizos de transporte colectivo urbano, e encomenda a TUSSA a recopilación de datos e documentación das empresas de transporte urbano a efectos da presentación da solicitude.

Solicítase perante a Dirección Xeral de Transporte Terrestre dependente do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, a subvención pola prestación do servizo de transporte colectivo urbano conforme ao disposto na Resolución do 5 de maio de 2022 da Dirección Xeral de Transporte Terrestre.

Encoméndase á Sociedade Municipal de Xestión do Transporte Urbano de Santiago (“TUSSA”) a recopilación de datos e documentación das empresas operadoras do transporte urbano que cumpran os requisitos da convocatoria, aos efectos de presentar en tempo e forma a solicitude de subvención.

33. PROMOCIÓN ECONÓMICA. Referencia: 2022/00024009M.

Aprobación do programa “Compostela Móvese 2021” a proposta do Centro Xestor 34 Promoción Económica dependente da Alcaldía.

Apróbase o programa de Actividades “COMPOSTELA MÓVESE 2022.” con un orzamento previsto de 285.000,00 € e as “Bases Xerais de Acceso ás actividades incluídas no programa “Compostela Móvese 2022”.

34. EDUCACIÓN. Referencia: 2022/00029102S.

Aprobación da memoria programática e económica do XV Certame de Danza Intercentros 2022. Apróbase a memoria programática e económica do XV Certame de Danza Intercentros 2022.

35. CULTURA E FESTAS. Referencia: 2022/00023640G.

Proposta de aprobación das Bases da convocatoria de Premios de creación literaria SELIC 2022.

Apróbanse as Bases da convocatoria dos Premios de creación literaria SELIC 2022. Autorízase o gasto de 7.500 euros con cargo a aplicación orzamentaria 2022 050 33400 4890100 da área de Cultura pertencente á Concellería de Acción Cultural.

36. PRESIDENCIA E TURISMO. Referencia: 2021/00054671N.

Aprobación da fase de xustificación da Convocatoria extraordinaria de axudas para o rescate da restauración e hospedaxe do Concello de Santiago afectados pola crise da Covid-19 Anualidade 2020, e estimación, desestimación e inadmisión de recursos presentados ao abeiro desta convocatoria.

Apróbase a xustificación da relación de persoas cuxos xustificantes son válidos e que permiten verificar que a xustificación cumpre co previsto na convocatoria de AXUDAS PARA O RESCATE DA RESTAURACIÓN E HOSPEDAXE DO CONCELLO DE SANTIAGO AFECTADOS POLA CRISE DA COVID-19. ANUALIDADE 2020. Importe total: 1.144.592,53 euros

37. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2022/00029576Y.

Dar conta da sentenza recaída no AP 7018/2022 PO 159/2017 CA2

Sentenza nº 210/2022

AP 7018/2022 TSX, PO 159/2017 CA2

Demandante: VIAQUA

Obxecto: revisión tarifas do servizo de abastecemento, saneamento e depuración de auga exercicios 2012 a 2018.

SENTIDO DA SENTENZA

A sentenza é desfavorable para o Concello, recorrible en casación.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da sentenza.

2. Non interpoñer recurso de casación.

3. Agardar pola súa firmeza, sen prexuízo do seu traslado á Dirección de Servizos para adiantar os trámites necesarios para a súa execución.

38. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2022/00030881T.

Dar conta do informe relativo á execución da sentenza recaída no procedemento PO 910/2018 XS1 - ETJ 119/2021. |

Sentenza nº 154/2021

PO 910/2018 XS1

Obxecto: diferenzas retributivas entre C1-20 e A2-22.

SENTIDO DA SENTENZA

A sentenza é desfavorable para o Concello.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da sentenza.
2. Dar conta dos trámites desenvolvidos ao órgano xudi

39. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2022/00030292D.

Dación de conta do Auto recaído nos Dereitos Fundamentais 176/2022-Peza Medidas Cautelarísimas 0001 do Xulgado Contencioso Administrativo núm 2. |

DEREITOS FUNDAMENTAIS 176/2022, PEZA MEDIDAS CAUTELARÍSIMAS 0001 do Xulgado Contencioso Administrativo núm. 2

Demandante: CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL GALEGA

Obxecto: requirimento municipal sobre horario concreto do uso de megafonía para dar publicidade aos actos previstos para o 01 de maio.

SENTIDO DO AUTO

O Auto é favorable para o Concello, recorrible en apelación.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento do Auto.
2. Remitir ao Servizo de Tráfico para o seu coñecemento.

40. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2022/00030346V.

Dar conta da sentenza recaída no procedemento PO 707/2019 XS1. |

Sentenza nº 125/2022

PO 707/2019 XS 1

Obxecto: cesión ilegal, fraude na contratación, recoñecemento como persoal laboral municipal indefinido non fixo, encadramento como C1-20 e diferenzas retributivas correspondentes.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da sentenza.
2. Interpoñer recurso de suplicación.
3. Remitir ao Servizo de Persoal para o seu coñecemento.

41. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2022/00030279L.

Dación de conta da sentenza recaída no Procedemento Abreviado 407/2021 CA2. |

Sentenza nº 143/2022

PA 407/2021 CA2

Obxecto: responsabilidade patrimonial por danos en motocicleta. Contía 674,57 euros.

SENTIDO DA SENTENZA

A sentenza é favorable para o Concello, non recorrible en apelación.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da sentenza.
2. Remitir ao Servizo de Secretaría para o seu coñecemento.

42. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2022/00030768W.

Dar conta das resolucións da alcaldía e das concellerías delegadas. |

Tómase coñecemento das resolucións da alcaldía e das concellerías delegadas de datas 3 ao 9 de xuño de 2022.

URXENCIAS

1. Aprobación da convocatoria de subvencións para rehabilitación de vivendas, ao abeiro do Plan Estatal de Vivenda, en Vista Alegre

Apróbase a convocatoria e inicio de oficio do procedemento de concesión de subvencións á rehabilitación ao abeiro do Plan Estatal de Vivenda 2013_2016 correspondentes ás Fases 7 e 8 da área de rexeneración e renovación urbana do Barrio de Vista Alegre do concello de Santiago de Compostela.

Aprobase o gasto correspondente á convocatoria recollida no punto anterior por un importe de **283.449,85 €**, que se executará con cargo á aplicación orzamentaria 050 15220 7800000/2022, dos cales 199.773,60 € corresponden á Fase 7 de acordo ao proxecto de gasto con financiamento afectado 2016 2 VISAL 7, e 83.676,25 € corresponden á Fase 8 de acordo ao proxecto de gasto con financiamento afectado 2017 2 VISAL 8.

2. Aprobación da convocatoria de subvencións para rehabilitación de vivendas, ao abeiro do Plan Estatal de Vivenda, no Casco Histórico.

Aprobación da convocatoria e inicio de oficio do procedemento de concesión de subvencións á rehabilitación ao abeiro do Plan Estatal de Vivenda 2013_2016 correspondentes ás Fases 13, 14 e 15 da área de rexeneración e renovación urbana do Casco Histórico do concello de Santiago de Compostela.

Apróbase o gasto correspondente á convocatoria recollida no punto anterior por un importe de **322.645,19 €**, que se executará con cargo á aplicación orzamentaria 050 33600 7800000/2022, dos cales 85.335,24 € corresponden á Fase 13 de acordo ao proxecto de gasto con financiamento afectado 2016 2 REHAB 13, 115.369,65 € corresponden á Fase 14 de acordo ao proxecto de gasto con financiamento afectado 2016 2 REHAB 14, e 121.940,30 € corresponden á Fase 15 de acordo ao proxecto de gasto con financiamento afectado 2018 2 REHAB 15.

3. Aprobación da convocatoria de subvencións para rehabilitación de vivendas, ao abeiro do Plan Estatal de Vivenda, nos grupos de vivendas Compostela e Cardeal Quiroga Palacios.

Apróbase a convocatoria e inicio de oficio do procedemento de concesión de subvencións á rehabilitación ao abeiro do Plan Estatal de Vivenda 2013_2016 correspondentes ás Fases 4 e 5 da área de rexeneración e renovación urbana dos grupos de vivendas "Compostela e Cardeal Quiroga Palacios" do barrio de Pontepedriña do concello de Santiago de Compostela.

Apróbase o gasto correspondente á convocatoria recollida no punto anterior por un importe de **330.401,51 €**, que se executará con cargo á aplicación orzamentaria 050 15220 7800000/2022, dos cales 33.308,00 € corresponden á Fase 4 de acordo ao proxecto de gasto con financiamento afectado 2016 2 PONTE 4, e 297.093,51 € correspondente á Fase 5 de acordo ao proxecto de gasto con financiamento afectado 2018 2 PONTE 5.

4. Convocatoria do Premio Exeria.

Apróbanse as Bases da convocatoria do Premio Exeria de proxectos de creación literaria que acada un importe total de 3.000 euros.

Apróbase o gasto, correspondente ao premio en metálico, por importe de 3.000 euros con cargo á aplicación orzamentaria 2022 050 33400 4890100 da área de Cultura pertencente á Concellería de Acción Cultura e autorízase o pago anticipado do importe tras a concesión.

5. Corrección de erro no prego de condicións do préstamo para 2022.

Apróbase a rectificación do prego de prescricións do expediente para a contratación dun préstamo a longo prazo con previa apertura de crédito por importe de dez millóns novecentos trinta e nove mil euros (10.939.000,00€) para o financiamento dos investimentos e transferencias de capital en execución das previsións orzamentarias para o ano 2022. Os cambios afectan aos seguintes apartados:

a.- O apartado 6.1 queda redactado do seguinte modo:

6.1. En primeiro lugar obterase a VIDA MEDIA da operación. De conformidade co principio de Prudencia Financeira, e tendo en conta as condicións desta operación, a VIDA MEDIA é de 7,625 anos ou 91,50 meses

b.- O apartado 6.2 queda redactado do seguinte modo:

6.2. Unha vez coñecida a vida media da operación determinarase o CUSTE DE FINANCIAMENTO DO ESTADO (CFE). Para calcular o custe de financiamento do estado terase en conta o procedemento establecido no ANEXO 1 da Resolución da Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira de 4 de xullo de 2017.

O Custe de Financiamento do Estado será o tipo de xuro establecido na correspondente actualización do anexo 1 de resolución de 04.07.2017, en función do prazo da vida media da operación en meses e do tipo de xuro establecido para a operación. Así á vista da última actualización da táboa dese anexo I de 6 de xuño de 2022, publicada o 07.06.2022 (BOE Nº 135), se poderá obter o custo de financiamento do Estado.

c.- O apartado 6.6 queda redactado do seguinte modo:

6.3. O cumprimento da condición de custe máximo se considerará no momento de apertura do proceso de licitación.

A efectos informativos, no momento de redacción da rectificación deste prego o 13.06.2022, o custo total máximo da operación é 0,9713%

d.- O inciso segundo do Anexo I queda redactado do seguinte modo:

Deberá indicarse os puntos básicos / porcentaxe de rebaixa con respecto ó Custo Total Máximo que a entidade estea disposta a asumir.

Exemplo: Se quere ofertar unha rebaixa de 5 puntos básicos no custo total da operación respecto ó Custo Total Máximo segundo a aplicación do Principio de Prudencia á data de formalización do préstamo, expresarase: CTM – 5 puntos básicos / -0,05%, o que dará como resultado un valor TAE ofertado de $0,9713\% - 0,05\% = 0,9213\%$

Apróbase a apertura dun novo prazo de presentación de ofertas de dez días naturais a contar dende o seguinte á recepción da invitación para participar ou da publicación no perfil do contratante do prego rectificado.

6. Aprobación do proxecto dunha modificación do Orzamento do Auditorio (suplemento de crédito).

Apróbase o proxecto de suplemento de crédito número 2022- SUPLE-01 por importe de 150.000,00 euros, para financiar investimentos en maquinaria e instalación e actividades culturais con remanente líquido de tesourería para gastos xerais do ano 2021 do Auditorio de Galicia.